

## I CONCURSO AMATEUR DE BAILE DE SALÓN

### “CAMARIÑAS, CAPITAL DO ENCAIXE”

**Sábado, 16 de agosto**

**Lugar: Casa de Pedra (Camariñas)**

**Hora: 20:30h**

**Información:** Tfns. 602459515 / 654819409 e web: [www.camarinas.net](http://www.camarinas.net)

#### **BASES**

**PRIMEIRA. Requisitos de participación.** Os Campionatos de Baile están abertos a todos/as os afeccionados/as que cumpran os seguintes requisitos:

- Os participantes deberán ter unha idade mínima de 16 anos.
- As inscricións realizaranse en parella mixta.
- Non poderán inscribirse aquelas persoas que se dediquen profesionalmente a esta actividade. Persoas que impartan ou impartiron no seu momento clases de baile en calquera das modalidades de baile obxecto do Concurso, nin parellas que compitan ou competiron a nivel nacional ou internacional.

**SEGUNDA. Inscrición.** Para inscribirse será obrigatorio que os dous membros da parella presenten a folia de inscrición asinada, facilitando os seus datos persoais, así como fotocopia do DNI, comprometéndose a cumprir as bases do Concurso e a cesión dos dereitos de imaxe.

O Concurso non se realizará se non hai un mínimo de 20 parellas inscritas.

**TERCEIRA. Cota de inscrición.** Será de 15€ por parella que se farán efectivos no mesmo local ao facer a inscrición definitiva.

**CUARTA. Período de inscrición e lugar de presentación.** A inscrición poderá descargarse desde a data de publicación das presentes bases na web institucional do Concello de Camariñas ([www.camarinas.net](http://www.camarinas.net)) ata o 14 de agosto de 2014 incluído.

A solicitude de inscrición poderá presentarse por correo electrónico ([anamartinez.biblioteca@camarinas.net](mailto:anamartinez.biblioteca@camarinas.net)), por correo postal [( I Concurso Amateur de Baile de Salón, Servizo de Cultura do Concello de Camariñas, Praza da Insuela, 57- CP: 15123, Camariñas (A Coruña)] ou no Rexistro Xeral do Concello de Camariñas.

**QUINTA. Modalidades de baile.** O concurso divídese en dúas modalidades

1. Baile de Salón Estándar: bailaranse os seguintes ritmos:

- Tango
- Valse Vienés
- Rock and roll
- Swing

2. Baile de Salón Latino: bailaranse os seguintes ritmos

Salsa.  
Chachacha  
Merengue  
Bachata

Todas as parellas inscritas deberán bailar todos os ritmos, senón serán penalizadas.

Deberá haber inscritas un número mínimo de 10 parellas para a realización da súa modalidade, de non ser así o xurado reservase a posibilidade de facer as modificacións oportunas.

**SEXTA.** O vestiario será libre. Recoméndase o uso de zapatos específicos de baile de salón.

**SÉPTIMA. Desenvolvemento do concurso.**

a) Os participantes deberán bailar todos os ritmos detallados nas bases para cada unha das modalidades e terán preparado unha coreografía.

b) A duración de cada actuación será de 2 minutos 30 segundos .

c) Realizarase unha selección das parellas participantes, previa ao concurso, o venres 15 de agosto de 2014, ás 20:00h .

**OITAVA. Xurado e criterios de valoración.** O xurado estará composto por personalidades do mundo artístico, profesores de baile, profesionais dos medios culturais, sociais e de comunicación. O Concello de Camariñas resérvase o dereito de modificar os compoñentes que forman parte do xurado.

O xurado terá en conta os seguintes criterios.

1. Valorarase principalmente o seguimento do compás da música.
2. A expresividade: saber expresar o carácter do baile.
3. A compenetración dos compoñentes da parella
4. A variedade de pasos e figuras de baile.
5. Coreografía

A decisión do xurado será inapelable.

O Concello resérvase o dereito a modificar estas bases antes do inicio do concurso, así coma a suspensión do mesmo por causas xustificadas.

**NOVENA. Premios.**

**1º premio:** 500€ + obsequio de Encaixe de Camariñas

**2º premio:** Fin de semana nun hotel ou casa rural + obsequio de Encaixe de Camariñas

**2º premio:** Cea para dúas persoas + obsequio de Encaixe de Camariñas

O primeiro premio entregarase en metálico ao finalizar o acto. O segundo e o terceiro mediante un vale. Os participantes deben identificarse mediante o seu DNI e asinar o xustificante de entrega do premio. Será imprescindible o cumprimento destes requisitos para efectuar a entrega do premio.

**DECIMA. Comunicación cos participantes.** Anunciaranse datas, horarios, bases e demais información sobre o concurso na web oficial do Concello de Camariñas ([www.camarinas.net](http://www.camarinas.net)), a través de folletos informativos e carteis publicitarios. Pode solicitar máis información no teléfono: 602459515 / 654819409.

Casting das parellas participantes

venres, 15 de agosto de 2014

Lugar : Casa de Pedra (Camariñas)

Hora: ás 20:00h .

Concurso de Baile de Salón

Sábado, 16 de agosto

Lugar: Casa de Pedra (Camariñas)

Hora: 20:30h

**UNDÉCIMA.** A organización non se responsabilizará de ningún dano físico ou material sufrido ou causado polos participantes durante o concurso, incluíndo perda ou roubo de obxectos e pertenzas.

**DUODÉCIMA. Compromiso de participación.** A participación no presente concurso supón a aceptación das bases así como acatar as decisións que tome o Xurado ou a organización.

---

## SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

### I CONCURSO AMATEUR DE BAILE DE SALÓN “CAMARIÑAS, CAPITAL DO ENCAIXE”

| HOME  | MULLER  |
|---|---|
| Nome  | Nome  |
| Apelidos  | Apelidos  |
| Enderezo  | Enderezo  |
| Provincia   | Provincia   |
| CP  | CP  |
| Idade(fotocopia DNI)/ (os menores de idade xuntar autorización firmada do pai/nai ou titor/a) | Idade(fotocopia DNI)/ (os menores de idade xuntar autorización firmada do pai/nai ou titor/a) |
| Teléfono/ e-mail  | Teléfono/ e-mail  |
| Sinatura  | Sinatura  |

Para inscribirse será obrigatorio que os dous membros da parella presenten a folia de inscrición asinada, facilitando os seus datos persoais, así como fotocopia do DNI, comprometéndose a cumprir as bases do Concurso e a cesión dos dereitos de imaxe.

#### **A presente solicitude de inscrición poderá presentarse por**

- Correo electrónico ([anamartinez.biblioteca@camarinas.net](mailto:anamartinez.biblioteca@camarinas.net)),
- Correo postal [( I Concurso Amateur de Baile de Salón, Servizo de Cultura do Concello de Camariñas, Praza da Insuela, 57- CP: 15123, Camariñas (A Coruña)]
- No Rexistro Xeral do Concello de Camariñas.

**Prazo de inscrición: 14 de agosto, incluído.**

Máis información: Manuel Roldán (tfno. 602459515/ 654819409)

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CAMARIÑAS**